COLABORACIÓNS páxinas 2 a 6
COMPLEMENTARIAS páxinas 7 a 17
ESCOLARES páxinas 18 a 21
BIBLIOTECA páxina 22
ANPA páxina 23

VOLTA CICLISTA JUNIOR

Este ano a Volta Ciclista a España acaba en Santiago, e paralelamente a este evento, consensuouse co Concello realizar a "Vuelta a España Junior" nos centros educativos de Santiago.
No noso centro a actividade está dirixida ao alumnado de 6º e desenvolveuse nunha sesión teórica e outra práctica o día 13 de xuño.

MUSEO DO POBO GALEGO

Os días 20, 21 e 23, os alumnos de 2ºA, 2ºB e 2ºC visitamos en Santiago o Museo do Pobo Galego. A visita organizada chamábase "Seguimos o conto", e mediante un xogo de pistas os nenos/as fomos descubrindo os tesouros do museo.
Grazas a este xogo, coñecemos máis a fondo a riqueza da nosa cultura e das nosas costumes. Ao final visitamos tamén a igrexa de San Domingos de Bonaval.

XIV CAMPAÑA MUNICIPAL DE ANIMACIÓN Á LECTURA.

Co motivo da XIV campaña municipal de animación á lectura, os alumnos e alumnas de 6º de Educación Infantil participaron na sesión dun contacontos na sala Sargadelos. Guiados pola espléndida voz de Patricia González e o inestimable acompañamento de acordeón a cargo de Alex Fente, mergulláronse no, sempre ensoñador, mundo da fantasía a traverso dos títulos "…outro conto, MAMÁ" de Mariana Ruíz Jhonson, gañadora do VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado no que, por outra banda, participou o alumnado de 6º de Infantil B, "Boa noite, Bufo" de Pat Hutchins e o repetidamente laureado "Onde viven os monstros" escrito e ilustrado por Maurice Sendak.
A sesión contou coa participación entusiasmada das pequenas e pequenos que por medio da posta en escea, cuns decorados a xeito da función, e unhas cancións adaptadas o contido do conto, fixeron as delicias do alumnado .